



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

##### Anuncio

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DESUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA APOIAR A ORGANIZACIÓN DE VISITAS, POR PARTE DAS ANPAS DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PROVINCIAIS, ÁS GRANXAS E EXPLOTACIÓNS AGROPECUARIAS DA PROVINCIA DE LUGO, E ACTIVIDADES ASOCIADAS ÁS MESMAS, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA "DA ESCOLA Á GRANXA", NA ANUALIDADE 2023**

En relación coa convocatoria das subvencións de referencia (publicada no BOP de Lugo nº 85, do 14 de abril de 2023), a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 16 de xuño de 2023, acordou:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

"I- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

*1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa "Da granxa á escola", na anualidade 2023, dotado con 80.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2023.*

*2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.*

*3º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.*

*4º.- A aprobación do gasto, por importe de 80.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023.*

II.A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións (en adiante, Bases) foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo, o 14 de abril de 2023.

Como consecuencia das ditas publicacións, foron recibidas 136 solicitudes por parte de 48 ANPAS de centros de educación infantil e primaria da provincia de Lugo.

III.En cumprimento do establecido na Base 11, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisáronse as solicitudes presentadas e realizáronse todas as actuacións necesarias para a determinación das solicitantes que, a través da documentación achegada, acreditaron o cumprimento dos requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, e na Base 8 das canalizadoras das subvencións, para poder ser as súas beneficiarias.

En concreto, comprobouse que as 136 solicitudes integraban a documentación requirida na Base 8. Das 136 solicitudes:

- 74 integraban toda a documentación prevista na Base 8 e, ademais, era correcta.
- 62 estaban incompletas ou contiñan erros emendables por parte de 23 ANPAS.

Requiridos os 23 solicitantes cuxas 62 solicitudes estaban incompletas ou contiñan erros, e recibidas as respostas aos ditos requirimentos, completáronse os expedientes.

IV. Por outra banda, en aplicación do establecido na Base 6, determináronse os importes das subvencións correspondentes a cada unha das solicitudes.

Das actuacións citadas despréndese que as solicitantes que poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia son as interesadas dos expedientes e polos importes que se relacionan a continuación (nas actividades organizadas por ADEGA indícase que se tratan de obradoiros no centro escolar; o resto de actividades correspóndense con visitas ás granxas):

Expediente	Solicitante	NIF	Visita / Obradoiro	Importe unitario subvención	Importe total subvención
2023/CCP_01/000407	Asociación de pais de alumnos do colexio de Riotorto	G27307677	Caurelor	900	900
2023/CCP_01/000408	APA Outeiro do CEIP Pobra de Brollón	G27272459	A Casa da Fonte	900	1.800
2023/CCP_01/000409			MUVICLA	900	
2023/CCP_01/000410	APA del CEIP de Triacastela	G27317643	Daveiga	855	1.353,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000412	Asociación de pais alumnos Terra Chá do CEIP de Román	G27312859	TropicGaia	900	1.800
2023/CCP_01/000413			Gr. A. Salvatierra	900	
2023/CCP_01/000417	APA de la escuela hogar Santa Rita de Galdo de Vivero	G27019017	Casa Labradela	760	4.438,75
2023/CCP_01/000416			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000415			TropicGaia	760	
2023/CCP_01/000414			TropicGaia	760	
2023/CCP_01/000418			Casa Labradela	760	
2023/CCP_01/000419			AirasMoniz	900	
2023/CCP_01/000421			ANPA do CEIP Castro de Ouro de Alfoz	G27424951	
2023/CCP_01/000426	Asociación ANPA CEIP O Salvador	G27475532	Daveiga	900	1.398,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000427	APA de Xermade	G27035500	GranxaAeiroá	800	1.298,75
2023/CCP_01/000427			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000429	ANPA del CEIP de Monterroso	G27374248	ADEGA	495	4.995
2023/CCP_01/000430			AirasMoniz	900	
2023/CCP_01/000435			AvicavaNatur	900	
2023/CCP_01/000431			Casa Bértolo	900	
2023/CCP_01/000432			MUVICLA	900	
2023/CCP_01/000433			MUVICLA	900	
2023/CCP_01/000438	ANPA del colegio Milagrosa de Lugo	G27020791	Traloagro	900	1.398,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000439	APA y ex- alumnos de S. José de Calasanz de Quiroga	G27190263	Caurelor	700	1.198,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000440	Asociación de nais e pais de alumnos CEIP Xosé Luis Taboada	G27509090	Caurelor	855	855

2023/PES_03/ 008354	Asociación de nais e pais de alumnos do colexio público Ricardo Gasset do Incio	G27230382	Daveiga	800	1.298,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/ 000441	Asociación padres de alumnos Laverde Ruiz	G27219674	Teixeiro e Pistón	900	900
2023/CCP_01/ 000446	ANPA del colegio Milagrosa de Lugo	G27020791	Traloagro	900	2.797,5
2023/CCP_01/ 000447			ADEGA	498,75	
			Traloagro	900	
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/ 000450	Agrupación mais e pais a Ulloa de Palas de Rei	G27359272	Daveiga	900	3.600
2023/CCP_01/ 000451			Pazo de Vilane	900	
2023/CCP_01/ 000452			Muvicla	900	
2023/CCP_01/ 000453			Muvicla	900	
2023/CCP_01/ 000455	Asociación pais de alumnos do CEIP San Miguel	G27291129	Daveiga	900	1.398,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/ 000456	ANPA Abella do CEIP Casás	G27414051	AvicavaNatur	900	2.700
2023/CCP_01/ 000457			GranxaCaldaloba	900	
2023/CCP_01/ 000458			Terras da Mariña	900	
2023/CCP_01/ 000460	ANPA CEIP Luis Tobío (en constitución)	G01799410	Milhulloa	778,05	1.276,8
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/ 000461	Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	G27384635	Caurelor	900	4.998,75
			Teixeiro e Pistón	900	
			MUVICLA	900	
			Champivil	900	
			GanderíaQuintán	900	
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/ 000463	Asociación de nais e pais do CPI Tino Grandío	G27466895	Arqueixal	900	1.800
			Arqueixal	900	
2023/CCP_01/ 000464	Asociación de nais e pais de alumnos/as a Faxarda do CEIP Gregorio Sanz	G27011642	Casa Labradela	753	3.700,25
2023/CCP_01/ 000465			Champivil	753	
2023/CCP_01/ 000466			TropicGaia	698	
2023/CCP_01/ 000467			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/ 000468			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/ 000469			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/ 000470	ANPA do colexio de educación especial Sta. María de Lugo	G27159425	Milhulloa	746	1.244,75
			ADEGA	498,75	

2023/CCP_01/ 000471	APA Sta. Eulalia y San Berto	G27323054	Daveiga	836	836
2023/PES_03/ 010165	Asociación de nais e pais de alumnos do colexio público Ricardo Gasset do Incio	G27230382	ADEGA	498,75	498,75
2023/CCP_01/ 000477	Asociación de padres de alumnos Muras	G27021948	TropicGaia	795	795
2023/PES_03/ 010345	Asociación de nais e pais de alumnos do colexio público Ricardo Gasset do Incio	G27230382	ADEGA	498,75	498,75
2023/CCP_01/ 000483	ANPA CEIP san Xoán de Becerreá	G27303429	A Carqueixa	900	2.298,75
		G27303429	Daveiga	900	
		G27303429	ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/ 000489	Asociación padres alumnos Pedro CasellesRollán	G27037787	Casa Labradela	630	3.780
2023/CCP_01/ 000490			Casa Labradela	630	
2023/CCP_01/ 000491			TropicGaia	630	
2023/CCP_01/ 000492			Casa Labradela	630	
2023/CCP_01/ 000493			TropicGaia	630	
2023/CCP_01/ 000496			TropicGaia	630	
2023/PES_03/ 010643	Asociación ANPA CEIP As Mercedes	G27130301	Terras da Mariña	704,9	4.313
			SAT Lodos e Pérez	704,9	
			Embutidos Suarna	725,8	
			Casa Bértolo	725,8	
			A Casa da Fonte	725,8	
			Teixeiro e Pistón	725,8	
2023/CCP_01/ 000512	Asociación Pais Alumnos O Cantel do colexio público EXB n2 Foz	G27211937	Arqueixal	812,25	4.802,25
			Casa Labradela	788,5	
			Milhulloa	788,5	
			As Vacas da Ulloa	836	
			Terras da Mariña	788,5	
			TropicGaia	788,5	
2023/CCP_01/ 000515	APA colegio público Pantón	G27205186	A Casa da Fonte	627	3.276
2023/CCP_01/ 000516		G27205186	Milhulloa	883	
2023/CCP_01/ 000517		G27205186	SAT O Palomar	883	
2023/CCP_01/ 000518		G27205186	Traloagro	883	
2023/CCP_01/ 000521	APA del colegio público de San Cosme de Barreiros	G27304575	TropicGaia	900	900
2023/CCP_01/ 000525	ANPA CEIP Rosalía de Castro	G27313808	A Casa da Fonte	500	998,75
			ADEGA	498,75	

2023/CCP_01/000527	Asociación de nais e pais alumnado do CEIP do Páramo	G16791758	Milhulloa	900	900
2023/CCP_01/000539	APA Colexio Público Ramón Falcón	G27210632	El País del Abeyeiro	900	900
2023/CCP_01/000532	APA y exalumnos del Colegio nacional comarcal de Foz Padre Feijoo	G27019371	Terras da Mariña	900	900
2023/CCP_01/000528	ANPA do CEIP de Samos (en constitución)	G16843799	El País del Abeyeiro	600	600
2023/CCP_01/000530	APA de la Agrupación Escolar de Bretoña de Pastoriza	G27021849	SAT Lodos e Pérez	900	1.398,75
			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000537	APA Colegio A Gándara	G27183961	A Casa da Fonte	900	900
2023/CCP_01/000541	APA Colexio Público Ramón Falcón	G27210632	Champivil	900	900
2023/CCP_01/000546	ANPA do CEIP Manuel Mato Vizoso (en constitución)	G27493527	Champivil	850	1.348,75
2023/CCP_01/000546			ADEGA	498,75	
2023/CCP_01/000548	ANPA do CP Antonio Insua Bermúdez	G27119833	Fraga do Coto	850	850
<b>IMPORTE TOTAL DAS SUBVENCIONS</b>					79.747,8 €

V. Por outra banda, as solicitantes que non poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia, por non ter presentada toda a documentación estipulada nas bases da convocatoria en tempo e forma, despois de ser requiridas para que fixeran as emendas correspondentes, son as interesadas dos expedientes que se relacionan a continuación:

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	Nº SOLICITUDES DENEGADAS	MOTIVO DENEGACIÓN
2023/CCP_01/000444	Asociación de nais e pais de alumnos/as da escola de educación infantil Fingoi nº2	G09733023	4	1
2023/CCP_01/000504	APA Col Nac mixto comarcal de A Pontenova	G27106020	1	4
2023/CCP_01/000514	APA CEIP A Ponte	G27010461	6	2
2023/CCP_01/000519	ANPA A Lagoa	G27237155	1	4
2023/PES_03/010882	ANPA Quiroga Ballesteros Lugo	G27120070	3	2
2023/CCP_01/000559	APA del colegio de la Merced De Sarria	G27120039	1	2
2023/CCP_01/000561	ANPA CPI Navia de Suarna	G27243385	1	2
2023/CCP_01/000571	ANPA do CEIP de San Clodio	G27458124	1	3
2023/CCP_01/000420	APA de la escuela hogar Santa Rita de Galdo de Vivero	G27019017	1	5
2023/CCP_01/000422			1	
2023/CCP_01/000423			1	
2023/CCP_01/000424			1	
2023/CCP_01/000437	ANPA del CEIP de Monterroso	G27374248	1	5
2023/CCP_01/000448	ANPA del colegio Milagrosa de Lugo	G27020791	2	5
2023/CCP_01/000449			2	
2023/CCP_01/000461	Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	G27384635	1	5

2023/CCP_01/000495	Asociación padres alumnos Pedro CasellesRollán	G27037787	1	5
2023/CCP_01/000497			1	

**Motivo denegación**

1. Incumprimento Base 5
2. Orzamento Esgotado
3. Solicitud fóra de prazo
4. Desistencia da solicitud
5. Visitas de reserva, orzamento esgotado (Base 8)

**VI.** Finalmente, celebrado o sorteo previsto na Base 10 das canalizadoras das subvencións, segundo consta en acta que figura no expediente, resulta que a gañadora do premio é a ANPA do Colexio Milagrosa de Lugo, expediente 2023/CCP\_01/000438.

Asemade, as entidades beneficiarias que quedan na listaxe de reserva, para o caso de que a premiada non acepte expresamente o premio, son, por esta orde:

- Asociación de nais e pais de alumnos/as A Faxarda do CEIP Gregorio Sanz, expediente 2023/CCP\_01/000467.
- ANPA CEIP San Xoán de Becerreá, expediente 2023/CCP\_01/000483.
- Asociación padres alumnos Pedro CasellesRollán, expediente 2023/CCP\_01/000491.

**Por todo canto vai exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:**

1. Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa "Da escola á granxa", na anualidade 2023, en favor dos beneficiarios e nas contías que se relacionan no apartado IV desta Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 6 da convocatoria.
2. Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan no apartado V desta Proposta.
3. Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, e que será publicado no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)) para o seu coñecemento e efectos oportunos.
4. Notificar este Acordo provisional ás interesadas, por medio da súa publicación nos medios citados no apartado anterior, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP, para presentar alegacións.
5. Ditar resolución provisional de concesión do premio previsto na Base 10 da convocatoria, en favor da beneficiaria á que se refire o apartado VI desta Proposta, que deberá ser aceptado expresamente no prazo de tres días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste Acordo no BOP."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

De acordo coa Base 11 da convocatoria, procédese á notificación aos interesados do Acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para presentar alegacións.

Lugo, 16 de xuño de 2023.- O PRESIDENTE EN FUNCIÓNS, P.D. Decreto do 15 de outubro de 2019, A DEPUTADA DELEGADA EN FUNCIÓNS DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, Mónica Freire Rancaño

R. 1887

**CONDELLOS**

LUGO

*Anuncio*

Este Concello comunica a exposición pública da matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, correspondente ó exercicio 2023, elaborada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, conforme dispón o artigo 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora

das Facendas Locais e o artigo 3 do RD 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.

A matrícula, constituída polos censos comprensivos de tódolos suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas suxeitas ó IAE, (exentos e non exentos) estará a disposición dos obrigados tributarios ou os seus representantes, durante o prazo de 15 días que comezará a contar dende o día inmediato seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Servicio de Facenda Local, situado na Rda. Muralla, 197, 2º andar, en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). Así mesmo, a dita matrícula inclúe as cotas provinciais e nacionais cando o enderezo fiscal do suxeito pasivo corresponda a este Concello. Este anuncio será publicado así mesmo nos diarios locais de maior difusión da provincia.

Para a consulta dos datos da matrícula se utilizarán preferentemente medios informáticos mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar a condición de obrigado tributario ou o seu representante para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Caracter Persoal.

Advírtese que a inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que esta se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpoñer, no prazo de 15 días que comezará a contar dende o día seguinte ó do término do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición ante o Delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Lugo competente por razón do territorio, ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que poidan simultanearse ámbolos dous recursos (art. 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 05/03, e 4 do Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

Lugo, 6 de xuño de 2023.- Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Ilma. Sra. dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1854

---

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de xuño de 2023 adoptou o acordo de 12/334 NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE TÉCNICA DE XESTIÓN (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO A (SUBGRUPO A2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA: XESTIÓN) sendo a parte dispositiva do mencionado acordo do seguinte teor:

PRIMEIRO.- Nomear a dona Eva María Seoane Cazón, DNI \*\*\*2973\*\*, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de Técnica de Xestión, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (grupo de titulación: grupo A (subgrupo A2); escala: administración xeral; subescala: xestión).

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado á interesada, coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

No momento da toma de posesión do candidato cuxo nomeamento se propón, producirase a extinción da relación cos/as funcionarios/as interinos/as que viñan ocupando o mencionado posto.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 13 de xuño de 2023.- A Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, en función, Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo

R. 1855

---

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día vintecatiro de maio de dous mil vinte e tres, aprobou inicialmente o "Proyecto modificado de urbanización del Plan Parcial de solo industrial no Sector SUD Coeses - Cuiña S - 1.I (Concello de Lugo)", promovido pola entidade mercantil Novafrigsa S.A.

Conforme ao previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de **un mes**, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (ronda da Muralla número 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 12 de xuño de 2023.- A Alcaldesa. P.D. O Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Sostibilidade Urbana (Decreto 2973/2021, del 16 de abril de 2021), en funcións, don Alvaro Santos Ramos.

R. 1856

**SARRIA***Anuncio*

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.I en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 10 de maio de 2023 de aprobación dos expedientes de modificación de créditos de suplemento de crédito SC2/2023 e SC3/2023 da Residencia de Anciáns "Nuestra Sra. Del Carmen", queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de ditos expedientes, o resumo por capítulos dos orzamentos prorrogados para 2023, da seguinte forma:

## Estado de Ingresos

Cap. 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.004.500,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	341.832,83 €
Cap. 8	Activos financeiros	276.183,96 €
	<b>TOTAL</b>	<b>1.622.516,79 €</b>

## Estado de Gastos

Cap. 1	Gastos de persoal	1.231.962,56 €
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	369.238,46 €
Cap. 3	Gastos financeiros	5.305,64 €
Cap. 6	Investimentos reais	16.010,13 €
	<b>TOTAL</b>	<b>1.622.516,79 €</b>

Sarria, 13 de xuño de 2023.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1858

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN PLANTILLA E ANEXO DE PERSOAL O.A. RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME.**

O 10 de maio de 2023 o Pleno do Concello de Sarria acordou a modificación da plantilla e anexo de persoal do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme.

O anuncio de modificación da plantilla e anexo de persoal foi publicado no Boletín Oficial de Provincia de Lugo núm. 115 do 22 de maio de 2023, expoñéndose ao público o expediente durante quince días hábiles, advertíndose no devantido anuncio que quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentan reclamacións.

Rematado o prazo de alegacións, non consta ningunha reclamación presentada, polo que queda aprobado definitivamente o acordo, publicándose aos efectos o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e determinando este a entrada en vigor do acordo.



**PLANTILLA DE PERSOAL 2023 O.A. RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME.**

DENOMINACIÓN PRAZA	TOTAL	VACANTES
Director/a	1	1
Médico (15H/semana)	1	1
Psicólogo/a (12 H/semana)	1	1
ATS-DUE	4	3
Recepcionista	2	2
Auxiliar Administrativo	1	0
Administrativo	1	1
Camareira-Limpadora	8	5
Auxiliar Xerocultura	16	16
Auxiliar de Clínica	5	5
Cociñeira	3	1
Operario de Oficios Múltiples	1	0
Traballador Social	1	0
Fisioterapeuta	1	1
Animador Socio-Cultural (20 H/semana)	1	0

Contra o presente Acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sarria, 13 de xuño de 2023.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 1860

## O VICEDO

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía de 13 de xuño de 2023 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, do persoal laboral temporal que máis abaixo se relaciona:

- 1 xefe de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2023 (3 meses)
- 1 peón - conductor de prevención e defensa contra incendios forestias para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2023 (3 meses).
- 3 peóns de prevención e defensa contra incendios forestias para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2023 (3 meses).

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días hábiles, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases no taboleiro de edictos do Concello do Vicedo e na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>

O Vicedo, 13 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1866

## VIVEIRO

## Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406), ao amparo do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de cinco traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Visto o art. 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que *“é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal”*.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”*.

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que *“[...] poderán proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo, [...]”*.

*Os ditos contratos celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen [...]”*.

Tendo en conta os informes do Responsable do Departamento de Persoal deste Concello, que consta neste expediente.

Tendo en conta o informe favorable de fiscalización de Intervención de data 14 de xuño de 2023 que consta no expediente, así como a existencia de consignación.

Tendo en conta que a contratación de persoal en base ao convenio referido se realiza para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos prioritarios en cuestión, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade de convocar os postos que a continuación se relacionan, para cubrir mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406), os seguintes postos:

Nº EMPREGOS	DENOMINACIÓN	XORNADA	RELACIÓN LAB.
1	Xefe de Brigada	100%	Contrato temporal (modalidade contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-406).

1	Peón conductor	100%	Contrato temporal (modalidade contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-406).
3	Peóns	100%	Contrato temporal (modalidade contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-406).

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases xerais, e o seu anexo, que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, nos postos de traballo laborais do Concello de Viveiro, para prestar servizos mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos (406).

**TERCEIRO.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo denominados: 1 Xefe de brigada, 1 Peón conductor e 3 Peóns (réxime xurídico: laboral, mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos (406)).

**CUARTO.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases e anexo publicaranse na páxina web do Concello ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), e no taboleiro de anuncios dixital.

**QUINTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á 14 de xuño de 2023.- A Alcaldesa en funcións, María Loureiro García.

R. 1868

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406), ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de tres conductores de motobomba non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Visto o art. 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que *“é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal”*.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”*.

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que "[...] *poderán proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo, [...].*

*Os ditos contratos celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen [...].*

Tendo en conta os informes do Responsable do Departamento de Persoal deste Concello, que consta neste expediente.

Tendo en conta o informe favorable de fiscalización de Intervención de data 14 de xuño de 2023 que consta no expediente, así como a existencia de consignación.

Tendo en conta que a contratación de persoal en base ao convenio referido se realiza para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos prioritarios en cuestión, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, conséntase a necesidade de convocar os postos que a continuación se relacionan, para cubrir mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406), os seguintes postos:

Nº EMPREGOS	DENOMINACIÓN	XORNADA	RELACIÓN LABORAL
3	Condutores de motobomba	100%	Contrato temporal (modalidade contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos - 406).

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases xerais, e o seu anexo, que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, nos postos de traballo laborais do Concello de Viveiro, para prestar servizos mediante a modalidade contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-406.

**TERCEIRO.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo denominados: 3 Condutores de motobomba (réxime xurídico: laboral, mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos- 406).

**CUARTO.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases e anexo publicaranse na páxina web do Concello ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), e no taboleiro de anuncios dixital.

**QUINTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á 14 de xuño de 2023.- A Alcaldesa, en funcións. María Loureiro García.

R. 1869

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – XOVE

#### Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM.2023-0580 DO 12 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL "XOVE, A SÚA COSTA E O SEU MAR" DO ANO 2023.

BDNS(Identif.):702487

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/702487>)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destasaxudascalquerapessoa.

Toda a documentación será presentada nun sobre pechado consignando no seu exterior IX Concurso de fotografía medioambiental "Xove, a súa costa e o seu mar".

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición-autoría establecida ao efecto
- Copia do N.I.F. do concursante
- CD que conteña as imaxesdixitais

O sobre deberá presentarse ata o día 8 de setembro de 2023, e poderase presentar tanto no Rexistro de Entrada de Documentos (Casa do Concello, camiño real, s/N; 27870, Xove) coma mediante envío por correo postal ordinario. Neste último caso, deberasefacer constar no sobre pola Oficina de Correos a data de presentación, que será igualmente como máximo, o día 8 de setembro de 2023.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso de fotografía medioambiental "Xove, a súa costa e o seu mar", organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Haberá una única categoría, con los seguintes premios:

Primeiro premio: 120 euros

Segundo premio: 100 euros

Terceiro premio: 90 euros

Cuarto premio: 75 euros

Quinto premio: 65 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordocodisposto no artigo 75.3 do RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non existe obriga de practicar retención por ningún dos anteriores premios, ao tratarse de importes inferiores a 300,00 euros.

Quinto.- Outra información para os beneficiarios dos premios

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Sexta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitosao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordoco establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvenciónsd e demásaxudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmosempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

XOVE, 12 de xuño de 2023.- ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 1861

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O. A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA DE CONCESIONES OTORGADAS.**

**EXP A/27/23407, A/27/23432, A/27/23593, A/27/23604**

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público para general conocimiento que, como resultado de los expedientes incoados al efecto, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico han sido otorgadas las siguientes concesiones para aprovechamiento de agua:

Expediente	Titular	Concesión otorgada	Fecha resolución
A/27/23407	Comunidad de Usuarios de Aguas de As Canceas	Aprovechamiento de agua del manantial Cruz de Pereiro en As Canelas, parcela 11 del polígono 5, en el T.M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a uso doméstico sin consumo humano y uso ganadero PETICIONARIO: Comunidad de Usuarios de Aguas de As Canceas	09/05/2023
A/27/23432	Juan Manuel Carbajales Valea	Aprovechamiento de agua del río Trabada en Sante, en el T.M. de Trabada (Lugo), con destino a accionamiento de molino harinero	24/05/2023
A/27/23593	M <sup>a</sup> Raquel López López	Aprovechamiento de agua del manantial Fonte Do Espiñeiro, en Vilar de Mouros, en el T.M. de Cervantes (Lugo), con destino a uso ganadero PETICIONARIO: M <sup>a</sup> Raquel López López	09/05/2023
A/27/23604	Olga Orbán Rey	Aprovechamiento de 1.000 l/día de agua captada con un sondeo en Aucella en el T.M. de Cervantes(Lugo), con destino a uso doméstico sin consumo humano y riego	24/05/2023

Oviedo, 13 de junio de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez

R. 1862

**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O. A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.**

**EXPEDIENTE: V/27/01608**

PETICIONARIO: María Angeles Burgo Ferreiro

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en A Porreira

LOCALIDAD: A Porreira Narla (San Pedro)

TÉR.M. MUNICIPAL: Friol

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Mourelle de/Mourelle de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en A Porreira" - "María Angeles Burgo Ferreiro", con un volumen máximo anual de 434 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con filtro biológico

- Arqueta de toma de muestras
- Zanja filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 12 de junio de 2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL,CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1863

---

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/09881**

Asunto: Solicitud modificación de características de la concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Josefa Álvarez Fernández

Nombre de la captación: Manantial "Souto do Santo"

Caudal solicitado: 0,014 l/s

Punto de emplazamiento: Nocedo (San Lourenzo)

Término Municipal y Provincia: Quiroga (Lugo)

Destino: Riego

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:**

La captación se realiza mediante una arqueta, que recoge el agua del manantial situado bajo la N120, de la arqueta parte una tubería que conduce las aguas a un depósito en tierra para posteriormente regar el viñedo de la parcela con referencia catastral 27050A083002330000S.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Quiroga, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 9 de junio de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez

R. 1857

---